

Ola chic@s e familias!

As vosas titoras desexamos que vos atopedes tod@s ben e queremos felicitaros polo grande esforzo que estades facendo nestas semanas de confinamento, que aínda se vai prolongar un pouco máis.

A partir de agora ímosvos facer envíos semanais, con actividades de distintas materias e outras propostas para intentar motivaros e animaros a seguir aprendendo de toda esta situación que estamos vivindo.

- Esta semana temos una data importante na vida escolar:

**23 DE ABRIL: DÍA DO LIBRO**. Desde a biblioteca do colexio propoñennos una actividade moi interesante. Animádevos a participar. Entrade no blog Legolingua desde a páxina web do colexio.

- Podedes seguir traballando nos cadernos de “Lengua”, Galego e Matemáticas que xa vos enviamos a vez anterior. Mandarémovos as solución para que corrixades.

Máis abaixo tedes un enlace que vos leva ás propostas desta semana. Son as seguintes:

- En Ciencias Sociais, esta semana imos facer unha viaxe por Galicia.
- En Ciencias da Natureza volvemos sobre o tema dos animais. Repasamos cun esquema e cunha pequena investigación.
- Actividade de expresión escrita. Inventa e desenvolve a túa creatividade.
- O enlace é o seguinte:  
<https://drive.google.com/drive/folders/1BoupEnXgaDmxJdMpnrKPI5C95hYdGA5D?usp=sharing>

Tede tamén en conta o que vos enviamos nas entregas anteriores: páxinas web, recursos, webs de libros... Continuade lendo.

Podedes acceder tamén ás propostas das mestras de PT e AL.

E xa sabedes que se tedes algunha dúbida, podedes escribirmos á dirección de correo do cole, ou chamar por teléfono.

[ceip.sagrado.corazon@edu.xunta.gal](mailto:ceip.sagrado.corazon@edu.xunta.gal)

Teléfono: 982 87 04 67

Unha aperta. Moito ánimo.

Elisa e Maite.